Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Flora

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Ditos e refráns dos cogomelos] Cando as caracochas...

Cando as caracochas empezan a pingar, os fígados podes atopar

Nomes: Fígado, Lingua de boi, Asadura (Fistulina hepática).

Este é un dos cogomelos que se comía, e come, en cru. Os cazadores, pastores e os desaparecidos carboeiros mondábana e comíana en anacos pequenos e ben mastigados cando tiñan sede.

Cando os castiñeiros vellos dan as súas primeiras castañas é fácil atopar estes cogomelos.

Tamén nos carballos se dan estes cogomelos; se se fan encebolados moita xente compáraos co fígado de porco con cebola.

[Texto e foto achegados por Cristovo Ruíz Leivas]



BIBLIOGRAFÍA

RUÍZ LEIVAS, Cristovo / EIROA GARCÍA-GARAVAL, Juan A., Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos, Cadernos de Fraseoloxía Galega, 4, 2002, páx. 363-379.